

**CCOO demanda ao Ministerio que aborde a negociación da modificación do sistema de acceso á función pública docente.**

**O desenvolvemento das probas do proceso selectivo de acceso á función pública docente poñen de manifesto que o actual sistema non é o acaído, xa que un número importante das prazas ofertadas vai quedar deserto.**

O Acordo para a mellora do emprego público asinado por CCOO establece en Galicia o obxectivo da redución da temporalidade no sector docente a unha taxa máxima ao redor do 5%. Neste contexto pactouse unha gran oferta de emprego público para este ano.

Iniciado o proceso selectivo o 23 de xuño, e tal e como advertiram os actual sistema non garante que se faga efectivo o concurso-oposición, que é o establecido pola lexislación vixente. CCOO xa advertira na Mesa Sectorial que o desenvolvemento normativo permitía a perversión do sistema e as notas da primeira proba que están a publicar os tribunais demostran que non estabamos equivocados.

CCOO insiste en que para garantir que se faga efectivo o concurso-oposición é imprescindible que as distantes probas non sexan eliminatorias, de forma que todas as persoas aspirantes poidan acreditar a totalidade das competencias pedagóxicas e didácticas que corresponden á segunda proba.

Lamentablemente, CCOO denuncia que tribunais de diferentes especialidades sitúan o corte da primeira proba de forma que xa establecen nesta que van a deixar prazas sen cubrir, maioritariamente esta situación dáse en especialidades de Formación Profesional que aproban na primeira proba a menos persoas que prazas ofertan, caso de Estética, Servizos de Restauración, Procedementos Sanitarios e Asistenciais, Procesos Sanitarios, Organización e Proxectos Enerxéticos, así como na especialidade de Francés no corpo de Mestres.

CCOO demanda do goberno que faga efectiva a PNL presentada en novembro de 2017 onde se recollían diversas medidas que solventarían esta problemática.

**Santiago de Compostela**

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar  
CP 15707  
Telf. 981 551 826  
[ensino.stgo@galicia.ccoo.es](mailto:ensino.stgo@galicia.ccoo.es)

**A Coruña**

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar  
CP 15008  
Telf. 981 145 895  
[scensino.coru@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.coru@galicia.ccoo.es)

**Ferrol**

Rúa María 42-44  
CP 15402  
Telf. 981 369 336  
[scensino.ferrol@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.ferrol@galicia.ccoo.es)

**Lugo**

Rolda da Muralla 58, 4º andar  
CP 27002  
Telf. 982 221 060  
[scensino.lugo@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.lugo@galicia.ccoo.es)

**Ourense**

Parque San Lázaro 12, 3º andar  
CP 32300  
Telf. 988 392 256  
[scensino.oure@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.oure@galicia.ccoo.es)

**Pontevedra**

Rúa Pasantería 1, 2º andar  
CP 36002  
Telf. 986 866 276  
[scensino.pont@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.pont@galicia.ccoo.es)

**Vigo**

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán  
CP 36212  
Telf. 986 246 847  
[scensino.vigo@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.vigo@galicia.ccoo.es)

**O Barco**

Praza do Concello 2, 1º andar  
CP 32300  
Telf. 988 392 256  
[scensino.oure@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.oure@galicia.ccoo.es)

**Monforte**

Roberto Baamonde s/n  
CP 27400  
Telf. 982 401 518  
[scensino.lugo@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.lugo@galicia.ccoo.es)

